



MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA PARA A SUBSCRICIÓN DUN CONVENIO ENTRE A FUNDACION CEDE-CONFEDERACION ESPAÑOLA DE DIRECTIVOS E EXECUTIVOS, O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, E A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTUACIÓN CENTRADA NAS OPORTUNIDADES E DESAFÍOS DA INTELIXENCIA ARTIFICIAL NO MARCO DA INNOVACIÓN EMPRESARIAL

Primeiro.- Antecedentes

O Igape creado pola Lei 5/1992, do 10 de xuño, é un ente de dereito público adscrito á Consellería de Economía e Industria polo Decreto 49/2024, de 22 de abril, e entre as súas funcións están a promoción, fomento e potenciación de actividades económicas que favorezan o desenvolvemento equilibrado e integrado tanto en termos sectoriais coma territoriais.

Así, o Igape constitúe un instrumento básico de actuación da administración autonómica galega para impulsar o desenvolvemento competitivo do noso sistema produtivo, promovendo actividades que contribúan á xeración de emprego en Galicia, e ao progreso económico harmónico, equilibrado e xusto, baseado nun tecido industrial moderno e competitivo. Corresponde, pois, ao Igape a dinamización da economía de Galicia, impulsando a capacidade de innovación, a explotación das vantaxes propias e dos factores endóxeos, a atracción de inversións, a competitividade da economía e o conxunto de actuacións de asesoramento, promoción, información e apoio cara ao cumprimento dos seus obxectivos.

En canto á Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 1 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a axencia pública autonómica que ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Neste sentido, o artigo 94 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, regula o fomento do turismo mediante a elaboración, pola Administración da Xunta de Galicia, de programas para potenciar a oferta turística galega, a través de medidas de fomento que permitan acadar, unha serie de obxectivos, entre os que se atopa a diversificación da oferta turística, co impulso da segmentación mediante o apoio ao desenvolvemento, entre outros, do turismo de reunións. Ademais, dentro das liñas estratéxicas de traballo de Turismo de Galicia, atópase especialmente o turismo de congresos, como xeito idóneo de divulgación da oferta turística galega impulsando así a mellora económica do sector.





Pola súa banda, a Fundación CEDE ten como misión agrupar a distintas asociacións de directivos e dotalas dunha representación en consonancia coa relevante función que desenvolven no ámbito socioeconómico, así como estimular as súas actividades e coordinar accións en beneficio das entidades confederadas y das persoas socias individuais, coa fin de contribuír á súa proxección profesional e á formación permanente dos directivos.

A tal efecto, a Fundación agrupa 36 asociacións, que suman máis de 163.000 directivos de distintos ámbitos territoriais e sectoriais.

Entre as súas iniciativas máis destacadas, a Fundación ven liderando a organización do Congreso de Directivos, no que participan como poñentes destacados líderes nacionais e internacionais, e que xa foi acollido nas principais cidades españolas como Alicante, Barcelona, Bilbao, Córdoba, Girona, Granada, Palma, Madrid, Málaga, Murcia, Palma, Pamplona, Sevilla, Valencia ou Zaragoza cun gran éxito de asistencia, e cunha media de 1.500 directivos en cada xornada.

A celebración do Congreso, que nesta edición terá a súa sede en territorio galego, concretamente na cidade de A Coruña, vai a supoñer un gran impacto para esta, como cidade de acollida, e tamén para as institucións e as empresas nacionais e locais que van a participar no mesmo.

Segundo.- Necesidade, oportunidade e obxectivos perseguidos polo convenio

O Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 recolle no Eixo 3:

PA 3.3 IMPULSAR O CRECEMENTO E COMPETITIVIDADE DAS PEMES, A TRANSICIÓN INDUSTRIAL E O EMPRENDEMENTO.

OE 3.3.3 Atraer investimento produtivo e fomentar e facilitar a internacionalización das empresas galegas, en especial as pemes.

Considérase oportuna a execución deste convenio no marco do reforzo das actuacións de divulgación, apoio e fomento, competencia do Igape, sobranceiramente a través de feiras, mostras ou certames cara a dinamización do ámbito da empresa e do emprego, e a específica vertente que tamén presenta o ámbito do turismo congresual en Galicia, baixo o ámbito competencias da Axencia de Turismo de Galicia .

Nesa liña de actuación, cómpre salientar que as partes asinantes manteñen un interese común na innovación, o desenvolvemento económico sostible, a promoción do turismo de calidade e de congresos, e da imaxe de Galicia como destino de primeiro nivel para o desenvolvemento deste tipo de eventos. Neste sentido, o apoio a proxectos que impulsen o crecemento da economía e do fomento da innovación empresarial xenerará un impacto positivo nas políticas e estratexias de mellora do entorno empresarial e socio-económico de Galicia, e que terán ademáis como marco singular a cidade de A Coruña, recentemente designada sede de AESIA, Agencia Española de Supervisión de la Inteligencia Artificial, entidade dependente do Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública.





Terceiro.- Xustificación da utilización da figura do convenio

Motívase a utilización da figura do convenio para a concesión directa dunha subvención como o instrumento adecuado de apoio aos obxectivos estratéxicos e ao interese xeral pretendidos polas partes asinantes, circunstancia que determina a dificultade de promover a concorrência pública, para os efectos do establecido no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada Lei.

Dada a especificidade do obxecto do convenio non procede, pois, a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento das actuacións deste, debido ás especiais características e singularidade da Fundación CEDE, tamén xa postas de manifesto.

Cuarto.- Obxecto e contido

Constitúe o obxecto do presente convenio establecer as condicións polas que se rexerá a concesión dunha axuda por parte do Igape e da Axencia de Turismo de Galicia, á Fundación coa finalidade de desenvolver o XXIII Congreso de directivos CEDE, que analizará as oportunidades e desafíos que presenta a Intelixencia Artificial promovendo un espazo de debate para discutir as súas implicacións, desenvolvementos e aplicacións prácticas, co obxectivo de impulsar o progreso cara un futuro tecnoloxicamente máis avanzado, eticamente responsable e seguro.

Esta iniciativa pretende promover o talento, a innovación e o coñecemento en Galicia, contribuíndo de maneira significativa ao desenvolvemento económico e social da comunidade autónoma.

Quinto.- Financiamento

Para o desenvolvemento do Congreso ao que se refire a cláusula primeira do Convenio, e cuxo custo total ascende a 228.459,30 €, as achegas económicas do Igape e a Axencia, segundo o detallado no anexo I "Memoria Económica", son:

1. O Igape contribuirá cun máximo de trinta e cinco mil euros (35.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 09.A1.741A.7810 para o ano 2024, (Código de Proxecto 2015 00016). O achega.

Partida Orzamentaria	2024	Total
09.A1.741A.7810	35.000,00 €	35.000,00 €





2. A Axencia contribuirá cun máximo de trinta e cinco mil euros (35.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 04.A2.761A.7810 para o ano 2024, (Código de Proxecto 2015 00005).

Partida Orzamentaria	2024	Total
04.A2.761A.7810	35.000,00 €	35.000,00 €

En todo caso, a achega do Igape e da Axencia para posibilitar a realización das actuacións só cubrirá o custo de realización das actividades sen que a Fundación obteña beneficio ou lucro industrial algún coas mesmas.

Sexto. - Xustificación e pagamento

Co importe máximo sinalado no apartado anterior, financiaranse os seguintes gastos no marco da execución das actuacións levadas a cabo a través do Convenio:

A Directora xeral do Igape

Covadonga Toca Carús





ANEXO I

MODELO CADRO ORZAMENTO DESAGREGADO POR ACTIVIDADES E TIPOLOXÍA DE GASTO

1.1 CADRO XERAL

ORZAMENTO DO PROXECTO

Gastos desenvolvemento XXIII Congreso de directivos CEDE "Oportunidades e desafíos que presenta a Intelixencia Artificial"	Tipoloxía de gasto/gastos subvencionables	Importe ano 2024
	<i>Aluguer Palacio de Congresos (Palexco)</i>	19.500,00 €
	<i>Servizos audiovisuais salas Palexco (sala VIP, sala prensa, sala persoas mozas, sala organización)</i>	11.428,50 €
	<i>Servizos audiovisuais sala Palexco (auditorio principal)</i>	45.710,00 €
	<i>Deseño imaxe do Congreso, deseño espazos, escenarios e produción</i>	61.669,00 €
	<i>Produción do sinal de televisión (TVG)</i>	11.980,00 €
	<i>Iluminación auditorio para produción calidade broadcast</i>	2.000,00 €
	<i>Catering congreso (2 servizos café, cóctel, dietas organización)</i>	59.192,00 €
	<i>Azafatas/os</i>	13.748,00 €
	<i>Persoal sanitario/Ambulancia</i>	1.069,30 €
	<i>Servizo de limpeza</i>	1.040,00 €
	<i>Vixilante de seguridade</i>	1.122,50 €
TOTAL GASTOS		228.459,30 €





**ANEXO II: MODELO CADRO ORZAMENTO DESAGREGADO POR TIPOLOXÍA DE GASTO PARA
GASTOS RECORRENTES**

Non existen gastos recorrentes





Anexo IV: MODELO CADRO DE FITOS E OBOECTIVOS

Plan Estratéxico	Actividade	Indicador	Fito
Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030	Actuacións de divulgación e promoción en materia de empresa e innovación	0099	100

